

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AS CONSELLERIAS DE SANIDADE E DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A VIXILANCIA DAS CARRACHAS VECTORES DE ENFERMIDADE HUMANA E ANIMAL

En Santiago de Compostela, a 29 de maio de 2018

COMPARECEN

Dunha parte D. Jesús Vázquez Almuiña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, os Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente e, de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Doutra parte D^a. Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira do Medio Rural, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 166/2015, de 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, e, de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

E doutra parte D^o. Juan Viaño Rey, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, en virtude das facultades que lle confire a Lei Orgánica 6/2001, do 21 de

decembro, de Universidades e do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se regulan os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (en diante USC).

Todas as partes recoñécense mutuamente con capacidade legal para obrigarse en dereito e subscribir o presente convenio de colaboración e a tal efecto:

EXPOÑEN

1. Que no marco das competencias atribuídas á Consellería de Sanidade e á Consellería do Medio Rural, é unha función esencial, dentro da misión das Dirección Xerais de Saúde Pública (DXSP) e de Gandaría, Agricultura e Industrias Alimentarias (DXGAIA), o desenvolvemento de actuacións comunitarias para o control dos riscos de enfermarse asociados aos determinantes da saúde, tanto humana como animal. Entre estas actuacións atópase a vixilancia das carrachas vectores de enfermidades como poden ser a anaplasmosa, febre Q, enfermidade de Lyme, febre exantemática mediterránea, erliquiose, etc.

Datos recentes indican que, tanto en Europa como en América do Norte, as carrachas están a expandirse cara ao norte en latitude e que se atopan cada vez en altitudes máis elevadas. Estímase que o cambio climático é un dos impulsores desta expansión, en especial das pertencentes ao xénero *Ixodes*. Ademais, con motivo do cambio climático, especies de carrachas, que neste momento parece que non se atopan en Galicia, poderían introducirse e instalarse e, con iso, favorecer a aparición de casos autóctonos de enfermidades das que, actualmente, non temos casos, como é a febre hemorráxica de Crimea-Congo, non obstante, nin a Consellería de Sanidade, nin a do Medio Rural dispoñen de expertos para levar a cabo a tarefa de identificación e determinación de densidades das diferentes especies destes ectoparásitos.

2. Que a USC é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, e que entre os seus fins esenciais atópase o de contribuír aos avances para mellorar as condicións e calidade de vida do entorno social.

Concretamente, no Departamento de Parasitología da USC, o grupo de investigación COPAR GI-2120 (Control Parasitario), do que son Investigadores XXXXXXxxxxxxl, xxxxxxxxxxx, xxxxxxxxxxxxxxxxxxx, conta cunha liña de investigación denominada “Control biolóxico de zoonoses” co obxectivo de realizar estudos sobre ectoparasitos e a súa infestación por diversos microorganismos de interese humano e animal, e con ampla experiencia no eido das carrachas.

3. Que o feito da colaboración con expertos desta Comunidade é para que as Consellerías, no caso de estimar densidades elevadas, detectar presenza de novos xéneros, zonas ou áreas con carrachas infestadas, poidan tomar medidas de control de xeito urxente.

4. Que a USC, tamén, ten interese en iniciar este proxecto xa que posibilita que os membros do grupo de investigación implicado realicen estudos importantes para completar algúns eidos das súas liñas de investigación que permitirán establecer relacións epidemiolóxicas con resultados obtidos previamente, cuxos resultados, ademais, se poderían empregar na vixilancia e control que se segue a desenvolver en Galicia.

5. Que estas institucións están interesadas en manter unha cooperación nestes ámbitos específicos, xa que os resultados que se obteñan permitirán ampliar o coñecemento sobre a presenza ou ausencia, distribución e densidade dos vectores así como a súa infestación por determinados microorganismos de interese para a saúde humana e animal, sen esquecer que algunhas das enfermidades compártense entre humanos e animais.

Por conseguinte, sendo todas as partes intervenientes neste acto, conscientes da importancia destas actividades, deciden subscribir un convenio de cooperación para a vixilancia entomolóxica en Galicia, sometido ás seguintes

CLAUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

A finalidade do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a cooperación entre a Consellería de Sanidade, a Consellería do Medio Rural e a USC para a prestación do apoio técnico-científico e desenvolvemento das actividades relacionadas coa vixilancia e control de carrachas vectores de enfermidades en Galicia.

Segunda. Dereitos de propiedade industrial e intelectual

A titularidade dos dereitos de propiedade industrial e intelectual dos resultados serán de uso compartido polas partes asinantes, no xeito que elas mesmas establezan de conformidade coa normativa aplicable na materia.

As partes comprométense a colaborar, de acordo cos principios da boa fe e eficiencia, na determinación dos procedementos axeitados para obter o éxito da protección e explotación dos resultados.

Terceira. Obrigas da USC

A USC comprométese a aumentar o coñecemento sobre as carrachas vectores de interese para a saúde humana e a sanidade animal en Galicia, para o cal levarán adiante as seguintes actividades:

- Elaboración dos protocolos para a realización das capturas, o seu mantemento, a recollida das mostras e o seu envío á Universidade, que se realizará por persoal propio.
- Durante o período de mostraxe (xaneiro a decembro) e coa frecuencia e sistemática determinada no proxecto que presente á sinatura do convenio o equipo investigador, procederán ás capturas.

- Traslado e procesado das mostras recollidas por elas, seguindo a metodoloxía establecida polas boas prácticas na identificación de carrachas.
- Actualización das bases de datos de especies de interese vectorial de enfermidades identificadas.
- Análise de infestación por axentes de anaplasmore, febre exantemática mediterránea, borreliose de Lyme, encefalite vírica equina, tanto nas carrachas como nos animais hóspedes, segundo as técnicas moleculares definidas para cada un dos axentes.
- Estimación do risco de certos animais salvaxes na transmisión das diferentes enfermidades contempladas.
- Estimación do risco de transmisión destes axentes, tanto ao home como aos animais de abasto destes axentes.
- No caso de detectar carrachas do xénero *Hyalomma*, analizar a infestación polo virus de Crimea-Congo.
- Remisión periódica da información á DXSP e a DXGAIA e elaboración dun informe final ao finalizar cada período anual e ao fin do convenio antes do 30 de marzo.

A dirección destas actividades levarase conxuntamente polos xxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxx

De abril a novembro remitiranse os resultados dos achados relevantes na vixilancia entomolóxica durante o período principal de presenza de carrachas e levarase a cabo o traballo de campo. Finalmente elaborárase unha memoria de resultados ao rematar o período de mostraxe.

Cuarta. Obrigacións das Consellerías

-A Consellería de Sanidade comprométese a:

- a) Abonar a parte económica para o financiamento do proxecto, tal como se establece na cláusula 6 de financiamento.
- b) A análise dos datos de resultados das capturas.

-A Consellería do Medio Rural comprométese á

- a) Ao apoio científico necesario naquelas enfermidades comúns a animais e humanos.
- b) A colaborar coa Universidade en materia de asesoramento técnico, de ser necesario.

-As Consellerías de Sanidade e do Medio Rural comprométense a:

- a) Publicación da información recibida e valoración desta en termos de saúde humana e animal.
- b) Mencionar á USC cando se faga uso público dos datos obtidos.

Nos quince días seguintes á sinatura do presente convenio, as Consellerías de Sanidade e do Medio Rural nomearán un interlocutor de cada unha delas como responsables do seguimento das actividades indicadas neste e que serán os encargados da recepción dos resultados.

Quinta. Comisión de seguimento

Para a aplicación, seguimento e interpretación do presente convenio constituirase unha comisión mixta integrada por dous representantes da Consellería de Sanidade, dous da Consellería do Medio Rural e dous da USC.

O réxime de funcionamento desta comisión será o establecido na Sección 3ª do Capítulo II da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Serán funcións desta comisión garantir o cumprimento dos obxectivos e obrigas do convenio e promover a produción científica derivada dos resultados do convenio.

Sexta. Financiamento.

A Consellería de Sanidade comprométese ao financiamento da súa parte do proxecto dende á aplicación 1102.413A,640.7, na que está previsto que exista crédito suficiente de acordo coas seguintes asignacións anuais:

Ano	USC		
	Pago	IVE 21%	Total
2018	16.000,00 €	3.360,00 €	19.360,00 €
2019	24.000,00 €	5.040,00 €	29.040,00 €
2020	24.000,00 €	5.040,00 €	29.040,00 €
2021	8.000,00 €	1.680,00 €	9.680,00 €
TOTAL	72.000,00 €	15.120,00 €	87.120,00 €

Cada cantidade anual satisfarase do seguinte xeito:

Ano 2018

Presentación dunha memoria de actividades, na que estará incluída a distribución das colleitas ao longo de toda Galicia, no prazo dun mes dende a sinatura do convenio. Unha vez se teña presentado esa memoria procederase ao abono de 7.744, 00 euros, IVE incluído, á USC, logo da presentación da correspondente factura conformada pola Consellería de Sanidade. Dentro do prazo dos dez días seguintes ao rematar o mes de novembro elaborárase un informe provisional do traballo de campo realizado e da identificación previa das capturas realizadas nas colleitas que acompañará ó pagamento final de, 11.616,00 euros, IVE incluído, que tamén levará a factura conformada pola Consellería de Sanidade.

USC			
Forma de pagamento	Importe	IVE 21%	Total
40% sinatura do convenio	6.400,00 €	1.344,00 €	7.744,00 €
60%	9.600,00 €	2.016,00 €	11.616,00 €
TOTAL	16.000,00 €	3.360,00 €	19.360,00 €

Anos 2019-2020

Realizárase tres pagamentos cuadrimestrais por un importe máximo de 9.680,00 euros cada un, IVE incluído, contra a presentacións das facturas por parte da Universidade de Santiago de Compostela, e conformadas pola Consellería de Sanidade, e a presentación dos informes provisionais e plan de actividades.

A documentación xustificativa para proceder ao pagamento do 1º e 2º cuatrimestre presentárase no prazo dos dez días seguintes á data da finalización de cada cuatrimestre. A documentación correspondente ao 3º cuatrimestre de cada ano presentárase ata o último día hábil do mes de decembro.

2019-2020			
Forma de pagamento	Importe	IVE 21%	Total
1ºcuatrimestre	8.000,00 €	1.680,00 €	9.680,00 €
2º cuatrimestre	8.000,00 €	1.680,00 €	9.680,00 €
3º cuatrimestre	8.000,00 €	1.680,00 €	9.680,00 €
TOTAL	24.000,00 €	5.040,00 €	29.040,00 €

2021

O pagamento do importe máximo de 9.680,00 euros, IVE incluído, realizarase ao termo do primeiro cuadrimestre do ano 2021, contra a presentación da factura por parte da Universidade de Santiago de Compostela, por todos os traballos realizados ata esa data que deberán constar no informe final xunto coas traballos e achados realizados nos anos anteriores.

Para tal efecto, a documentación xustificativa presentárase nos 10 primeiros días do mes de maio de 2021.

2021			
Forma de pagamento	Importe	IVE 21%	Total
1ºcuatrimestre	8.000,00 €	1.680,00 €	9.680,00 €
TOTAL	8.000,00 €	1.680,00 €	9.680,00 €

Sétima. Relacións laborais

A subscrición do presente convenio non establece relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre as Consellerías de Sanidade e do Medio Rural e os profesionais da USC que realicen as actividades obxecto deste.

Oitava. Natureza xurídica. Réxime xurídico

Este convenio é dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, conforme recolle o artigo 4 do citado texto. As cuestións litixiosas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio, se non fora posible resolvelas seguindo as propostas da comisión mixta prevista na cláusula quinta, resolveranse

ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Novena. Extinción e resolución do convenio

Son causas de resolución deste convenio:

1. O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas ou a alteración esencial do seu contido sen o consentimento de ambas as dúas partes.
2. O acordo unánime das partes asinantes.
3. O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva.
4. A denuncia de calquera das partes asinantes cun aviso previo expreso de dous meses.

En razón do interese público, as Consellerías de Sanidade e do Medio Rural poderán suspender a execución do convenio previa presentación dun informe ao respecto que será discutido na comisión mixta.

No caso de resolución anticipada por acordo unánime e, en canto á liquidación das obrigas pendentes, cada entidade asumirá a parte proporcional que lle corresponda.

En dito caso, a Universidade entregarlle ás Consellerías un informe cos resultados obtidos ato o momento da interrupción. Dito informe, incluirá a liquidación económica dos traballos realizados ata esa data, que serán aboados pola Consellería correspondente dentro dos límites orzamentarios.

Décima. Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día 2 de maio. No caso de que a sinatura se leve a efecto nunha data posterior, a súa entrada en vigor será ao día seguinte da súa sinatura e terá unha vixencia ata o 30 de abril de 2021. Poderá prorrogarse por acordo unánime

das partes, antes da data na que finalice a súa vixencia, co límite previsto no artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, sempre que exista crédito orzamentario suficiente,

Décimo primeira: Rexistro de Convenios, transparencia e bo goberno.

A sinatura do presente convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas que interveñen para que a Administración Pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente Convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba da conformidade, formalízase e asínase polas partes o presente convenio en cuadriplicado e a un só efecto no lugar e data antes citados.

Pola Consellería de Sanidade

Pola Consellería do Medio Rural

Jesús Vázquez Almuiña

Ángeles Vázquez Mejuto

Pola USC

Juan Viaño Rey

